

A nosa ref: 23

Asunto: Resolución ao recurso de reposición contra a base sexta para efectos valoración de experiencia profesional no concurso oposición para a selección interina de un técnico en integración social.  
Expediente: 2019/G003/000489

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o informe emitido polo xefe da área de urbanismo e réxime interior sobre o recurso de reposición contra a base sexta para efectos valoración de experiencia profesional no concurso oposición para a selección interina de un técnico en integración social do seguinte teor:

*"En relación co escrito de Dona Vanessa Paz Tedín en representación da sección sindical da CIGA, con Rexistro de Entrada neste Concello do pasado 8 de febreiro, polo que interpón Recurso de Reposición contra a Resolución municipal que aproba a convocatoria e as Bases para a selección de un técnico en integración social interino de data 17 de xaneiro de 2019, emítase o presente INFORME con base nos seguintes*

### ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- *Por Resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación nº 106/2019 de data 17 de xaneiro de 2019 se convoca proceso selectivo para o nomeamento interino de un técnico en integración social e se aproban as Bases reguladoras do mesmo.*

2º.- *A través de anuncio publicado no xornal "LA VOZ DE GALICIA" do pasado 20 de xaneiro, ao igual que na páxina web e nos taboleiros de edictos municipais, publícase dita convocatoria, iniciándose a partir de tal data o prazo para a presentación de solicitudes a este proceso selectivo.*

3º.- *Con data 8 de febreiro do presente ano se presenta escrito polo sindicato CIGA polo que se interpón Recurso de Reposición "contra a Base sexta, apartado A) Experiencia laboral" das que rexen dita convocatoria para que non se valoren, neste apartado de experiencia laboral, unicamente os meses nos que se xustifique un mínimo de 35 horas semanais senón tamén os meses nos que non se alcance dito mínimo semanal de horas.*

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- *A normativa principalmente aplicable está constituída polo Real Decreto 896/1991 polo que se establecen as Regras Básicas e os Programas Mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, pola Orde APU/1461/2002 do Ministerio de Administracións Públicas pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, e polos artigos 112 e seguintes e 123 e 124 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

2º.- *É recoñecida a discrecionalidade que teñen as Administracións Públicas, tanto pola doutrina como pola xurisprudencia, para a determinación dos méritos e da súa correspondente valoración non concursos para o acceso á función pública, canto mais cando estamos en presenza dun concurso-oposición para a selección de un funcionario interino.*

A Orde Ministerial 1461/2002 antes indicada ven a establecer uns criterios moi xenéricos aos que se ten que axustar dita discrecionalidade no que aos méritos pola experiencia profesional se refire, cuxa determinación é obxecto de dito Recurso de Reposición.

Este Concello desde hai moitos anos vén establecendo que os puntos a outorgar por experiencia profesional ou laboral nun concurso de méritos ou na fase de concurso de un concurso-oposición para o acceso á Función Pública o serán por mes completo de traballo, e entendendo por tal aquel teña unha xornada de traballo mínima de 35 horas semanais.

Este criterio non é ilegal como di o recorrente; para que sexa ilegal se ten que infrinxir algún precepto legal e este non existe sobre o particular, tal é así que por esta recorrente non se menciona que precepto se está infrinxindo.

Distinto é que este criterio poida ser mais ou menos restritivo, mais ou menos esixente pero non que poida ser acusado de ilegal. De feito, como xa indiquei, este criterio de valoración é o que se seguiu nos últimos anos sen que houbera sido obxecto de impugnación ningunha por aspirantes ou interesados en elo, nin por ningunha Administración Pública, nin por ningún sindicato ata o recurso presente, cando pola CIGA, sindicato recorrente, xa era de sobra coñecido este criterio sen que nas distintas convocatorias dos últimos anos por este sindicato se houbese presentado escrito ou observación ningunha sobre o particular e menos recurso ningún ata o presente.

Non obstante, o planteamento que fai a recorrente non se ten porque desestimar, está baseado en que se valoren tamén as xornadas de traballo prestadas aínda que non alcancen as 35 horas semanais nun mes completo de traballo, polo que sería perfectamente admisible valorar ditas horas, ao igual que sería admisible o que a experiencia laboral se valorara por anos completos de traballo se aplicáramos por analogía o artigo 44-1 e) do Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo aprobado polo Real Decreto 364/1995 de aplicación para a valoración dos servizos prestados nun concurso para a provisión de postos de traballo.

Noutra orde de cousas se debe afirmar que a estimación deste recurso implicaría a modificación do apartado dos méritos a valorar denominado "Experiencia laboral" da fase de concurso da Base Sexta das que regulan esta convocatoria o que implicaría facer pública dita modificación e permitir que todo interesado que puidera xustificar a prestación de horas de traballo nesta especialidade por debaixo das 35 horas semanais poida presentar a documentación que así o acredite como sinala a Base Sexta indicada, sen prexuízo de que se manteñan as 35 horas semanais para outorgar puntos por mes de traballo pero sen que elo sexa requisito sine qua non para outorgar os mesmos, podéndose alcanzar dita cifra de horas que se esixe para puntuar un mes aínda que sexa por horas e nun contrato a tempo parcial.

3º.- O órgano competente para a resolución deste recurso é o Alcalde, de conformidade co artigo 21-1 k) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local, sen que esta competencia a poida delegar noutro órgano, de acordo co artigo 21-3 do mesmo texto legal.

En base ao exposto se formula a seguinte

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Estimar o recurso de reposición interposto por dona Vanessa Paz Tedín en representación da sección sindical da CIGA do Concello de Cambre contra as Bases da convocatoria de concurso-oposición para a selección dun/ha técnico en integración social interino e elaboración de lista de reserva para nomeamentos de técnicos en integración social interinos, aprobadas por Resolución do Concelleiro delegado da área de Recursos

Humanos, Servizos Sociais e Educación de data 17 de xaneiro de 2019 no que á Base Sexta, Fase de Concurso, epígrafe "A) Experiencia laboral" se refire.

2º.- Modificar a Base Sexta, "Comezo e desenvolvemento do concurso-oposición", no que ao apartado "A) Experiencia laboral" da fase de concurso se refire quedando redactado da seguinte maneira:

A) Experiencia laboral:

-Por cada mes completo ou a suma de 140 horas de servizos prestados nas funcións e tarefas do posto de traballo de técnico en integración social nas entidades locais : 0,20 puntos, ata un máximo de 5 puntos.

-Por cada mes completo ou a suma de 140 horas de servizos prestados nas funcións e tarefas do posto de traballo de técnico en integración social noutras administracións públicas distintas da local: 0,15 puntos, ata un máximo de 3 puntos

-Por cada mes completo ou a suma de 140 horas de servizos prestados nas funcións e tarefas do posto de traballo de técnico en integración social ou en postos similares ao que se convoca na empresa privada: 0,10 puntos, ata un máximo de 2 puntos.

Para efectos da valoración da experiencia profesional por meses completos e non por horas, unicamente se valorarán os meses nos que se xustifique un mínimo de 35 horas semanais, en calquera das distintas actividades.

Estes méritos se acreditarán mediante as correspondentes certificacións das Administración Públicas nas que se prestaron os servizos ou con contratos de traballo ou certificados de empresa acompañados do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no caso de prestación de servizos na empresa privada

3º.- Publicar a presente modificación das Bases da convocatoria de concurso-oposición para a selección dun/ha técnico en integración social interino e elaboración de lista de reserva para nomeamentos de técnicos en integración social interinos, nos mesmos medios nos que se publicaron os anuncios desta convocatoria e súas Bases dando de novo o prazo de 7 días establecido na Base Cuarta das mesmas para a presentación de novas solicitudes a esta convocatoria, sen prexuízo de respectar as xa presentadas e sen prexuízo de que os aspirantes coa solicitude xa presentada poidan presentar de novo documentación acreditativa dos servizos prestados por horas que sexan valorables de acordo á base sexta modificada indicada."

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

1º.- Estimar o recurso de reposición interposto por dona Vanessa Paz Tedín en representación da sección sindical da CIGA do Concello de Cambre contra as Bases da convocatoria de concurso-oposición para a selección dun/ha técnico en integración social interino e elaboración de lista de reserva para nomeamentos de técnicos en integración social interinos, aprobadas por Resolución do Concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación de data 17 de xaneiro de 2019 no que á Base Sexta, Fase de Concurso, epígrafe "A) Experiencia laboral" se refire.

2º.- Modificar a Base Sexta, "Comezo e desenvolvemento do concurso-oposición", no que ao apartado "A) Experiencia laboral" da fase de concurso se refire quedando redactado da seguinte maneira:

A) Experiencia laboral:

-Por cada mes completo ou a suma de 140 horas de servizos prestados nas funcións e tarefas do posto de traballo de técnico en integración social nas entidades locais : 0,20 puntos, ata un máximo de 5 puntos.

-Por cada mes completo ou a suma de 140 horas de servizos prestados nas funcións e tarefas do posto de traballo de técnico en integración social noutras administracións públicas distintas da local: 0,15 puntos, ata un máximo de 3 puntos

-Por cada mes completo ou a suma de 140 horas de servizos prestados nas funcións e tarefas do posto de traballo de técnico en integración social ou en postos similares ao que se convoca na empresa privada: 0,10 puntos, ata un máximo de 2 puntos.

Para efectos da valoración da experiencia profesional por meses completos e non por horas, unicamente se valorarán os meses nos que se xustifique un mínimo de 35 horas semanais, en calquera das distintas actividades.

Estes méritos se acreditarán mediante as correspondentes certificacións das Administración Públicas nas que se prestaron os servizos ou con contratos de traballo ou certificados de empresa acompañados do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no caso de prestación de servizos na empresa privada

3º.- Publicar a presente modificación das Bases da convocatoria de concurso-oposición para a selección dun/ha técnico en integración social interino e elaboración de lista de reserva para nomeamentos de técnicos en integración social interinos, nos mesmos medios nos que se publicaron os anuncios desta convocatoria e súas Bases dando de novo o prazo de 7 días establecido na Base Cuarta das mesmas para a presentación de novas solicitudes a esta convocatoria, sen prexuízo de respectar as xa presentadas e sen prexuízo de que os aspirantes coa solicitude xa presentada poidan presentar de novo documentación acreditativa dos servizos prestados por horas que sexan valorables de acordo á base sexta modificada indicada.

O alcalde

Óscar A. García Patiño

Dou fe

A secretaria xeral

Mª Luisa de la Red Ampudia